

ACTA DO PROCESO SELECTIVO CELEBRADO PARA A SELECCIÓN DE UN/UNHA EDUCADOR/A AMBIENTAL PARA O PROXECTO ARTABRO2: CARA Á XESTIÓN INTEGRAL DAS ZEPAS MARIÑAS DO NOROESTE DA PENÍNSULA IBÉRICA DO CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (CEIDA)

Con data 9 de decembro de 2020 aprobase a listaxe definitiva de admitidos e excluídos para participar no proceso selectivo para a contratación laboral temporal de un/unha Educador/a Ambiental, segundo as bases aprobadas en novembro de 2020 (convocatoria publicada no xornal Ideal Gallego).

Pessoas Presentadas:

1.- Laura Calvo González

Admitidos/as:

1.- Laura Calvo González

Sendo as 13.15 horas do día 16 de decembro de 2020 constitúese no Castelo de Santa Cruz, sede do CEIDA, o Tribunal de Selección para designar a persoa que cubrirá con carácter temporal 1 praza de Educador/a Ambiental para o proxecto ARTABRO2: Cara á xestión integral das ZEPAS mariñas do noroeste da península ibérica do CEIDA.

Comparecen os seguintes membros da Comisión de Selección :

- Presidente : D. Carlos Vales Vázquez
- Vocal 1 : D. Carlos Aymerich Cano
- Vocal 2 : D. Manuel Ramón Lema Pombo
- Secretaria : Dna. Carmen Borobio Vázquez

Á hora sinalada da comezo a fase de concurso coa análise do currículum presentado e posteriormente comeza a fase do oposición coa realización da entrevista persoal á aspirante e a defensa da Memoria presentada. Os baremos establecidos para a valoración dos currículos son os seguintes :



a) Formación (ata un máximo de 5 puntos):

1. Por estar en posesión dalgún dos títulos esixidos na base 3.6 de este anexo: 2 puntos.
2. Por estar en posesión dun máster oficial universitario directamente relacionados coas prazas obxecto da presente convocatoria: 0,5 puntos ate un máximo de 1 punto.
3. Pola acreditación de asistencia a cursos específicos de formación e perfeccionamento expedidos ou homologados por organismos oficiais e directamente relacionados coas prazas obxecto da presente convocatoria:
 - Formación de menos de 15 horas: 0,05 puntos cada un ata un máximo de 0,5 puntos.
 - Formación de más de 15 e menos de 30 horas: 0,10 cada un ata un máximo de 0,5 puntos.
 - Formación de más de 30 horas: 0,25 cada un ata un máximo de 1 punto.

b) Experiencia profesional (ata un máximo de 5 puntos):

1. Por exercicio profesional como Educador/a Ambiental: 0,5 puntos por cada 3 meses ata un máximo de 3 puntos.
2. Por outros méritos desenvolvemento de actuacións vinculadas ao posto de traballo: ata un máximo de 2 puntos.

Fase de concurso: máximo 10 puntos.


Unha vez rematada a fase de concurso, a puntuación obtida é a seguinte:

Candidato/a	Puntuación fase concurso
Laura Calvo González	5,85

Posteriormente, comeza a fase de oposición no que se procede á entrevista profesional e á valoración da Memoria presentada. Os baremos establecidos para a valoración da entrevista e a memoria son:

A memoria e a entrevista serán avaliadas de xeito conxunto sobre un máximo de 15 puntos, dos que un máximo de 10 puntos poderán ser outorgados á memoria e 5 puntos á entrevista curricular.

Fase de oposición: máximo 15 puntos.



Unha vez rematada a fase de oposición, a puntuación obtida é a seguinte:

Candidato/a	Puntuación fase oposición
Laura Calvo González	10

Finalmente, unha vez rematado o proceso selectivo, a puntuación obtida pola candidata é a seguinte

Candidato/a	Puntuación final
Laura Calvo González	15,85

De acordo coa puntuación obtida, acórdase conceder a praza á seguinte aspirante:

Praza de Educador/a Ambiental para o Proxecto ARTABRO2: CARA Á XESTIÓN INTEGRAL DAS ZEPAS MARIÑAS DO NOROESTE DA PENÍNSULA IBÉRICA

- Laura Calvo González

Ás 14.15 horas dáse por finalizado o acto do que eu, como secretaria do Tribunal de Selección dou fe, asinando a presente acta en proba de conformidade, tódolos membros da mesma, presentes en dito acto.

Asdo. D. Carlos Vales Vázquez
Presidente do Tribunal

Asdo. D. Carlos Aymerich Cano
Vogal 1 do Tribunal

Asdo. D. Manuel Ramón Lema Pombo
Vogal 2 do Tribunal

Asdo. Dna. Carmen Borobio Vázquez
Secretaria do Tribunal